# PLAN DE CONVIVENCIA

**<u>CEIP O BOLO</u>**

**ÍNDICE**

**1.- INTRODUCCIÓN**

**2.- XUSTIFICACIÓN**

**3.- MARCO LEGAL**

**4.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA**

4.1 Composición

4.2 Competencias

4.3 Funcións dos axentes responsables da convivencia escolar

4.4 Periodicidade reunións

4.5 Período de nomeamento e renovación da comisión de convivencia

**5.- CONTEXTO DO CENTRO DOCENTE**

5.1 Características do Centro

5.2 Relación coas familias e os servizos externos

5.3 Situación actual da convivencia

5.4 Respostas do centro ás situacións conflitivas

5.5 Necesidades de formación

5.6 Experiencias de convivencia para realizar no centro

**6.- PLAN DE ACTUACIÓN**

6.1 Principios Xerais

6.2 Obxectivos

6.3 Accións previstas para o profesorado

6.4 Accións previstas para o alumnado

6.5 Accións previstas  para as familias

6.6 Accións previstas para o centro

6.7 Protocolos

**7.- NORMAS DE CONVIVENCIA NO CENTRO**

**8.- ACTIVIDADES**

**9.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN E PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN**

9.1 Condutas contrarias ás normas de convivencia

9.2 Condutas prexudiciais para a Convivencia do Centro

9.3 Expedientes disciplinarios

9.4 Faltas de asistencia

9.5 Puntualidade

9.6 Ausencias

**10. RESPONSABLES DA EXECUCCIÓN DO PLAN**

**11.- DIFUSION, SEGUIMENTO  DO PLAN**

**12. AVALIACIÓN DO PLAN**

**13.- PROPOSTAS DE MELLORA**

**14.- ANEXO**

## 1.- INTRODUCCIÓN

Convivir significa vivir cos demais, o que supón que cada individuo debe compaxinar os seus intereses cos dos outros. No contexto escolar os obxectivos persoais deben, tamén, compaxinarse con obxectivos máis xerais marcados pola sociedade.

A convivencia apréndese e ensínase, supón aprender contidos que involucran todas as capacidades do alumno/a, tanto no racional como no afectivo, para o que se require unha adaptación ás distintas circunstancias, analizando e comprendendo as situacións nas que se xeran conflitos e buscando as causas para ofrecer unha resposta formativa axustada.

O respecto aos dereitos dos demais e o cumprimento puntual dos nosos deberes facilitan o clima de convivencia que desexamos.

O ensino da convivencia implica que todos os membros da Comunidade Educativa ofrezan un modelo e unha resposta coherente, unha referencia firme, sólida, conxunta que dé seguridade ao alumno/a.

Este Plan de Convivencia foi elaborado coa participación de todos os sectores da Comunidade Educativa. Recolle as normas fundamentais que todos temos que coñecer e cumprir para conseguir un bo clima de traballo e unhas relacións persoais que favorezan a convivencia, baseadas no respecto, a comunicación e a tolerancia.

Nel concrétanse unhas estratexias que faciliten a difusión, asunción e cumprimento das normas, adoptando así unhas medidas de carácter preventivo que eviten, en gran medida, o incumprimento da norma e a necesidade da aplicación de sancións.

Igualmente indícanse unhas actuacións a seguir ante o incumprimento da norma, que levan a cabo seguindo as canles establecidas no NOFC, onde se detallan os diferentes niveis de actuación en función da gravidade do problema:

1. Tratamento inmediato do conflito coa intervención do adulto responsable da actividade nese momento.

2. Información ao mestre titor e actuación por parte do mesmo.

3. Comunicación ás familias por parte do titor, se procede.

4. Información a Xefatura de Estudos e tratamento do problema por parte da mesma.

5. Intervención da Dirección.

6. Comisión de convivencia. Consello Escolar.

O Plan de Convivencia compleméntase co NOFC no que aparecen as normas a seguir en canto a horarios, espazos, materiais, instalacións e relacións persoais, así como a tipificación das faltas, protocolo a seguir ante o incumprimento das normas e as persoas ou órganos competentes para a aplicación de sancións.

## 2.- XUSTIFICACIÓN

Coa finalidade de mellorar a convivencia no centro elabórase este PLAN DE CONVIVENCIA e para poder así ofrecer a toda a comunidade educativa, unha resposta o máis axeitada posible de resolución e prevención, mellorando así a convivencia e o clima no centro, e así mellorar as condutas e actitudes que presenten dificultades na convivencia, mellorando así o clima de convivencia do grupo-clase e no conxunto do centro, non dende a imposición senón dende o diálogo, o respecto mutuo, o razoamento, o convencemento, o compromiso, a disciplina democrática, a participación.

## 3.- MARCO LEGAL

**- Constitución Española** de 1978.

**- Estatuto de autonomía de Galicia.**

**- Declaración Universal dos Dereitos Humanos.**

**- Lei 2/2014,** do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

**- Lei Orgánica 8/2013,** de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, (LOMCE).

- **Lei 4/2011**, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

**- Lei 16/2010**, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

**- Lei 11/2007**, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

**- Lei 30/1992**, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**- Lei Orgánica 8/1985**, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

**- Lei 3/1986**, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia.

- **Real Decreto 126/2014**, polo que se establece o currículo básico de educación primaria.

- **Decreto 8/2015**, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011.

- **Decreto 105/2014,** do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria na comunidade autónoma de Galicia.

**- Decreto 198/2010**, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia nas entidades dela dependentes.

- **Decreto 330/2009**, polo que se establece o currículo de educación infantil na comunidade autónoma de Galicia.

**- Decreto 374/1996, do 17 de outubro,** polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e os colexios de Educación Primaria.

## 4.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A Comisión de Convivencia será quen dinamice, revise e actualice o Plan de Convivencia, escoitando e recollendo todas as iniciativas e suxerencias de todos os sectores da Comunidade Educativa.

**4.1.- Composición da Comisión de Convivencia:**

- O /A  director/a, que será o seu presidente.

- Un mestre, que será tamén o Secretario.

- A nai dun alumno/a.

**4.2.- Competencias da Comisión de Convivencia**

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento o seguimento do citado plan.

- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na  cal se reflicten as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este

informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

- Revisar anualmente o Plan de Convivencia coas finalidade de que estea actualizado.

- Propor a Administración educativa as propostas de mellora.

**4.3.- Funcións dos axentes responsables da convivencia escolar**

**<u>Claustro de mestres</u>**

O claustro, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 129 da Lei orgánica 2/2006, terá as seguintes funcións:

a) Realizar propostas para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.

b) Participar na avaliación anual da convivencia no centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.

c) Propor actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

**<u>O Consello Escolar</u>**

O consello escolar do centro educativo, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 127 da LOMCE 8/2013 e o artigo 57 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito a educación, terá as seguintes:

a) Elixir as persoas representantes da comisión de convivencia.

b) Establecer directrices para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.

c) Realizar anualmente o seguimento e a avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.

d) Propor actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

**Equipo directivo.**

a) Elaborar, de ser o caso, o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da comisión de convivencia, mentres esta non estea constituída.

b) Impulsar as actividades previstas no plan de convivencia, así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.

A dirección, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 132 da Lei orgánica 8/2013, terá as seguintes funcións en materia de convivencia:

a) Garantir as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.

b) Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen neste decreto.

c) Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.

D) De conformidade co artigo 132 f) da Lei orgánica 8/2013, correspóndelle á dirección a imposición das medidas correctoras, sen prexuízo do establecido no artigo 44 deste decreto, consonte o artigo 26 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.

Neste centro as funcións que lle corresponden á xefatura de estudos son asumidas pola dirección do centro. Estas función son as seguintes:

a) Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no plan de convivencia do centro e nas normas de convivencia do centro.

b) Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no plan de convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción titorial e de atención á diversidade do centro.

c) Promover o exercicio da mediación que se leve a cabo no centro.

d) Organizar a atención educativa do alumnado, a quen se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro.

**Órganos de coordinación docente**

1. Os órganos de coordinación docente, no seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o plan de convivencia e as normas de convivencia do centro.

2. En todo caso, as medidas e os acordos do número anterior serán recollidos pola comisión de coordinación pedagóxica e polo resto dos órganos de coordinación docente para incluílos nos documentos institucionais do centro, concretamente nas concrecións curriculares de etapa, para asegurar a coherencia destes co proxecto educativo do centro e a programación xeral anual.

**Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia**

a) Avaliar a situación da convivencia nos centros, establecendo estratexias para a recollida de información, análise e difusión dos datos, impulsando a investigación neste ámbito.

b) Analizar e propor liñas de actuación de investigación, prevención e inclusión en materia da mellora da convivencia escolar.

c) Propor iniciativas de cara á mellora do clima escolar, elevando propostas de actuación á Administración educativa e realizando o seguimento e a avaliación destas iniciativas.

d) Propor liñas de actuación en materia de formación do profesorado no que respecta á convivencia escolar, promover a elaboración de materiais e recursos e facilitar o intercambio de experiencias.

e) Colaborar no desenvolvemento de programas preventivos e para a detección precoz de situacións conflitivas nos centros educativos.

f) Colaborar con diferentes organismos e entidades que teñan entre os seus fins a prevención e resolución de conflitos, así como a potenciación e mellora da convivencia escolar.

g) Coordinar as súas actuacións cos distintos servizos e organismos que teñen responsabilidades, competencias e implicación en materia de convivencia e canalizar, de ser o caso, ás instancias competentes os temas obxecto de consulta ou asesoramento que lle correspondan.

h) Elaborar ao final de cada curso escolar unha memoria anual en que se recolla a situación da convivencia nos centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

i) Realizar cantas outras funcións lle sexan encomendadas pola consellería con competencias en materia de educación para a mellora da convivencia escolar.

No cumprimento das funcións anteriores deberá terse en conta, nos casos en que sexa procedente, a perspectiva de xénero, que será especificamente valorada nos informes, avaliacións, iniciativas e propostas de liñas de actuación para previr e tratar a violencia por razón de sexo.

### 4.4.- Periodicidade das reunións

A Comisión de Convivencia reunirase cada vez que sexa necesario por temas disciplinarios e polo menos **unha vez por trimestre**. Elaborará un informe que debe recoller as incidencias producidas no período, as actuacións levadas a cabo e os resultados conseguidos.

### 4.5.- Período de nomeamento e renovación da comisión de convivencia

O nomeamento dos membros será por un período de dous anos a e será renovable por outros dous. No suposto de que un dos membros perdese a súa representatividade, procederase ao seu cesamento e designarase unha persoa substituta polo tempo que reste de exercicio no cargo.

## 5.- CONTEXTO DO CENTRO DOCENTE

### 5.1- <u>Características do Centro</u>

O CEIP O Bolo, está na localidade do Bolo, cabeceira do Concello do mesmo nome, na provincia de Ourense.

O Concello do Bolo é un concello pequeno, onde a súa poboación dedícase, maioritariamente, ao sector primario, aínda que algunhas familias susténtanse grazas ao sector terciario. Hai unha poboación moi envellecida.

A nivel educativo no concello existe só o noso Centro. Recibimos aos nenos/ as de todo o Concello. Cando foi construído había máis de douscentos alumnos, número que foi baixando pouco a pouco, primeiro pola saída dos nenos/as de Secundaria e despois polo descenso da natalidade.

Somos un centro cunha unidade de Educación Infantil e dúas de Educación Primaria.

No referente ao profesorado, o colexio conta con catro mestres especialistas (educación infantil, inglés, música, educación física) que permanecen todo o seu horario no Centro e dous mestres itinerantes (relixión e audición e linguaxe).

## 5.2.- Relación coas familias

A relación coa maioría das familias é satisfactoria pero mellorable. Esta participación debe se máis frecuente, máis comprometida e sobre todo máis xeneralizada. Neste sentido, as propostas encamiñadas a unha mellor participación estarán sempre abertas por parte do centro, moi especialmente, dende a acción titorial. Facemos reunións informativas e de coordinación tanto de forma global como particular, fixadas nas programacións anuais.

Nas reunións de comezo de curso dítanse as normas que van rexer no centro e tamén as concretas das aulas. As situacións particulares que afectan a convivencia e resolución dos conflitos soen resolverse informando á familia e tentando chegar a un consenso sobre as actuacións.

## 5.3.- Situación actual da convivencia

O enfoque da convivencia no centro ten unha visión positiva, polo que as actuacións irán dirixidas ao desenvolvemento dos comportamentos axeitados para unha mellor convivencia e para unha resolución dos conflitos a través de canles de participación, comunicación que impliquen ademais unha prevención dos problemas de conduta.

Existen no centro unhas normas de conduta e convivencia en todas as aulas do centro, ademais de guiarse pola normativa que figura no NOFC vixente.

Nos últimos cursos o clima de convivencia no centro é bo. Non se observan problemas importantes, aparecen algunha vez conflitos moi esporádicos, que se soen resolver co diálogo, a conciliación, advertencia aos pais, e algunha medida disciplinaria leve (quedarse sen recreo e algunha vez sen saídas extraescolares).

Para levar a cabo esta fase de diagnóstico elaboráronse enquisas para mestres, alumnado, familias e persoal non docente.

A participación a través de cuestionarios foi dun 100% en todos os sectores.

DAS RESPOSTAS DADAS POLOS DIFERENTES SECTORES DETERMÍNANSE OS PROBLEMAS.

**OS PROFESORES RESPONDEN**

*Con respecto aos conflitos.*

- ✓ O profesorado manifesta por unanimidade atoparse a gusto dando clase neste centro.
- ✓ Existen problemas de comportamento ocasionais.
- ✓ As dificultades consisten na súa maioría
    1. Moi faladores, non escoitan ao mestre
    2. Falta de atención
    3. Non esperan a súa quenda
    4. Non escoitan ás compañeiras ou compañeiros
    5. Dificultades para dialogar
  - ✓ Perfil do neno/a que causa eses conflitos ocasionais:
    1. En nenos/as inquedos/as
    2. Alumnado que quere ser protagonista
    3. Alumnado moi competitivo
- ✓ Faltan habilidades sociais para resolver estes conflitos

| SITUACIÓNS CONFLICTIVAS | |
|---|---|
| SUCEDE POUCO | • O enfrontamento entre grupos de alumnos<br>• Malas contestacións na clase por parte dalgún alumno/a<br>• Enfrontamentos dun grupo con outro co que se leva mal<br>• Nenos que non están integrados e se senten sos<br>• Os mestres van cada un ao seu |
| CON CERTA FRECUENCIA | • Pelexas<br>• Insultos entre alumnos<br>• Os alumnos resolven os conflitos entre eles |
| MOITO | • O alumnado acude ao adulto para resolver os seus conflitos |

| ACTUACIÓN DO PROFESORADO |
| --- |
| • Conversa co implicado a parte<br>• Coloca ao conflitivo a parte para evitar que se repita<br>• Trátase o problema en titoría<br>• Acude ao resto dos compañeiros para tratar de buscar una solución<br>• Chamar aos país<br>• NOFC castigos ou faltas de orde |

1. O profesorado non percibe fora da súa aula violencia e algunha situación de discriminación así como algún tipo de actitude machista e prepotente que non son percibidas na aula
2. A maioría coñece o NOFC e ten una copia.

*Con respecto ás agresións entre alumnado.*

1. O profesorado considera que as agresións e os abusos é un problema grave para a convivencia escolar
2. Que as agresións verbais soen ser as mais frecuentes no centro: insultos, ameazas.
3. Pensan que no centro a causa das agresións verbais mais común é a personalidade do alumnado que as leva a cabo, o seu carácter, seguido por aqueles que opinan que hai intolerancia por parte dos nenos/as.
4. Este tipo de agresións ocorren con maior frecuencia no patio, e con menor frecuencia nos cambios de clase e nas subidas e baixadas. Non soe haber conflitos cando se traballa en grupo.
5. Son frecuentes:
    a. No fútbol, pola rivalidade entre os que xogan
    b. Un perfil de nena celosa e acaparadora
    c. Rivalidade entre nenas
    d. Problemas noutros deportes
6. Este tipo de agresións provoca tensión e cansan aos mestres.

*Con respecto as relación entre mestres.*

1. Hai una boa relación e comunicación entre os mestres, así como a relación entre profesorado e alumnado considérase boa tamén.
2. O profesorado pensa que os seus compañeiros teñen una boa imaxe de si mesmo e mesmo que o alumnado ten unha boa imaxe dos profesores.
3. Os profesores pensan que entre eles hai diferenzas en canto as normas de aula
4. Cando un profesor ten na súa aula un problema de disciplina ou conflito cun alumno determinado normalmente se comunica:
    a. Aos compañeiros
    b. A titora ou ao director
5. O profesorado pensa que no caso de que os profesores non tiveran boas relacións, incidiría directamente na disciplina do alumnado.
6. Todos manifestan ter unas boas relación coas familias dos alumnos.
7. Manifestan que as familias deben participar na convivencia do centro e axudar ao profesorado nas súas tarefas.
8. Propóñense actividades para mellorar a convivencia no centro:
    a. Xornadas de convivencia: comidas, cafés dentro do horario de traballo.
    b. Queda recollida a queixa de que hai pouco tempo de comunicación entre os mestres para falar.
9. Gustaríalle ao profesorado que nestas actividades de convivencia participara todo o profesorado.
10. Sempre o tempo é un atranco para implicarse en proxectos e involucrase.

*Posibles solucións presentadas:*

1. Favorecer a convivencia como obxectivo prioritario do proxecto educativo.
2. Tratamento específico do alumnado máis conflitivo.
3. Aplicación de sancións estritas foi percibida como solución, pero en menor medida.
4. Proponse:
    - ✓ Terapias para alumnado disruptivo.
    - ✓ Charlas para pais e nais.
    - ✓ Traballar estes temas dentro do claustro para chegar a acordos.

- ✓ Respectar os horarios dos cambios de clase.
- ✓ Involucrarse todos e todas nisto.
- ✓ Acudir a persoas especializadas para resolver e formar ao profesorado.

O profesorado está disposto a involucrarse.

Sempre que se cumpran estas condicións:

1. Sempre e cando todo o equipo docente se implique
2. Cando as familias tamén se impliquen

O profesorado considera moi importante o tema da convivencia no centro.

## O ALUMNADO RESPONDE

Manifestan:

1. Levarse ben cos compañeiros e co profesorado.
2. A maioría pensa que os compañeiros teñen una boa opinión deles así como tamén a ten o profesorado.
3. A maioría pensa que hai diferenzas entre as normas de clase duns profesores a outros.
4. Os conflitos ocorren mais nos recreos.
5. O alumnado ten a idea de que se insisten acaban atendendo cando outro non quere escoitar as súas ideas.
6. Din que cando non pode resolver un conflito, ás veces acoden a un adulto.
7. As veces interveñen outros compañeiros.
8. A maioría afirma que nunca se sentiu insultado, ridiculizado ou agredido verbalmente.
9. A maioría afirma que non o fan.
10. As veces falan mal deles ás costas, logo danse de conta.
11. A maioría pensa que a resolución de conflitos é cousa das mestras e dos alumnos.
12. Nunca teñen medo de ir ao colexio.
13. Outros xeitos de resolver:
    - → Falan co compañeiro para tratar de amañalo.

- → Inténtano sos antes que pedir axuda.
- → Acoden a titora ou a outro profesor.
- → Cálanse porque falar é de “chivatos”.

14. En canto a situacións concretas opinan:
    - → Non haber enfrontamentos entre alumnos e profesores.
    - → Hai empate entre os que nunca ven malas palabras na aula e os que din que a veces.
    - → En ocasións non se respectan as normas.
    - → A veces hai pelexas e insúltanse.
    - → Non perciben que haxa alumnado que se sinta so e que non esté integrado.
    - → Perciben que os profesores traballan en equipo.
    - → Os mestres sempre os escoitan.
    - → Ás veces abúrrense na clase.

AS SÚAS PROPOSTAS PARA MELLORAR NA CONVIVENCIA

- Que non se usen os castigos colectivos.
- Aprender a resolver os conflitos dialogando.
- Aprender a escoitar.
- Respecto ás diferenzas, ás normas, aos profesores e aos alumnos por parte dos profesores.
- Buscar mediadores para resolver os conflitos.
- Compartir os xogos e os espazos do patio con outros alumnos doutras clases.
- Que ningún alumno se sinta so: buscalos para xogar.
- Falar mais baixo.
- Colaborar e participar mais nas responsabilidades.
- Aprender a respectar os do outro sexo.

## AS FAMILIAS RESPONDEN

### A valoración global da convivencia do centro é boa:

- O clima de traballo e as relación entre o profesorado.

- As relación co equipo directivo.
- O profesorado co alumnado.
- As relación entre alumnado.
- As familias co profesorado.
- As relación co persoal non docente.

Protagonistas destes conflitos:

- Entre profesores: nunca ou poucas veces existen.
- Poucos entre alumnado e profesores.
- Poucas veces entre alumnos.
- Entre profesores e familias poucas veces.
- Nunca co persoal docente.

Os conflitos mais frecuentes:

- Agresións verbais.
- Nunca hai agresións físicas do profesorado ao alumnado.
- Algunha agresión verbal do profesorado ao alumnado e do alumnado ao profesorado.
- Nunca houbo intimidación e acoso entre alumnos.
- Poucos problemas entre profesores.
- Pouco vandalismo.
- Nunca hai roubos.
- Algunhas condutas disruptivas.
- Pouca indisciplina.

Nunca hai maltrato na escola. Os pais valoran aos profesores:

- Bastantes veces manteñen reunións as titoras para informar e coordinar.
- Nunca desautorizan aos pais ante os fillos.
- Nunca os pais amosan ser desconsiderados co que fan os profesores.
- Bastantes veces gaban a actuación da mestra.
- Bastantes veces cambian o punto de vista tras falar co profesor.

Mellorar a convivencia:

- Traballar en equipo pais e mestres.
- Respecto e convivencia.

- Normas e obxectivos comúns aínda que cada un o traballe de diferente xeito.
- Informar aos pais do comportamento do seu fillo.
- Non ameazar con castigos por parte dos profesores que nunca se levarán a cabo.
- Non dubidar en castigar a quen o merece.
- Conseguir acercarse ao alumno por parte dos profesores pero sen perder as formas.
- Ser intolerantes ante a violencia: violencia cero: insultos, labazadas... Reflexión e castigo.
- Mais disciplina pero mais ensinarlles a dialogar.
- Maior coordinación entre profesorado e orientación.

**5.4.-<u>Respostas do centro ás situacións conflitivas</u>**

A resposta educativa do persoal docente do Centro é a de enfrontarse aos conflitos cunha actitude positiva  a través das diversas canles establecidas:

- diálogo
- conciliación
- mediación
- respecto
- comunicación

Considérase necesario potenciar a mellora da convivencia a través da adquisición de habilidades  concretas para enfrontarse aos pequenos conflitos que se presenten, sería como medio de aprendizaxe para cando as circunstancias da sociedade actual  así o requiran dos  nosos alumnos/as dentro e fóra do ámbito educativo.

**5.5.- <u>Necesidades de formación</u>**

A formación sobre convivencia e resolución de conflitos é imprescindible para tentar mellorar as pautas de actuación que potencien un clima favorable no centro. É necesaria unha formación específica para atender as posibles situacións relacionadas coa convivencia e a conflitividade que se dan cada vez máis na sociedade actual .

Compre introducir na formación permanente do profesorado o complexo mundo das relacións interpersoais no centro: habilidades sociais, resolución de conflitos, estratexias para o fomento da participación e intervención ante problemas de conduta.

**5.6.- <u>Experiencias de convivencia para realizar no centro</u>**

As experiencias para desenvolver no Centro que favorezan a convivencia podémolas resumir nos seguintes puntos:

- Debate e discusión sobre a Normativa do Centro no que respecta a convivencia nas aulas. A principio de curso .

- Potenciación das habilidades de comunicación no alumnado para a mellora da convivencia. Desenvolvemento de Habilidades Sociais .

- Fomento da tolerancia, a aceptación da diversidade e a resolución de conflitos de forma pacifica.

- Charlas a pais reforzando a información que se dá ao alumnado, incidindo nas estratexias familiares que son máis recomendables para favorecer a resolución de conflitos.

**6.- PLAN DE ACTUACIÓN**

Para levar a cabo este Plan de Convivencia baseámonos nos **<u>seguintes principios xerais.</u>**

**6.1.- Principios Xerais:**

1- A elaboración do Plan é o resultado do consenso de todos os sectores que formamos a Comunidade Educativa ( profesorado, familias e alumnado) para o fomento dunha mellor convivencia no Centro.

2- En materia de Convivencia e disciplina, o profesorado, persoal non docente e alumnado está sometido a correspondente normativa da nosa comunidade autónoma e o RRI do noso centro.

3- Non consideraremos os aspectos da convivencia só como aspectos organizativos senón con contidos a desenvolver e parte da formación do alumnado. Débese ter en conta a convivencia e a participación como parte da aprendizaxe.

4- Consideramos a Convivencia como un fin educativo a traballar e non só unha mera aplicación de medidas disciplinarias.

5- A convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental en todo o proceso educativo.

6- Desenvolveranse no alumnado unha serie de valores e habilidades de comunicación e de relación social.

7- O conflito é algo normal en toda sociedade libre e democrática . Debe entenderse, polo tanto, de xeito positivo para levar a cabo a tarefa educativa e, sobre todo, que a busca de solucións pacíficas de forma democrática e dialogada poida servir como medio de aprendizaxe, mantendo sempre a harmonía nas relacións interpersoais.

8- Os problemas aparecen porque son propios das relacións humanas, pero a prevención contribúe a reducilos.

Cando sexa necesaria unha corrección ou sanción estas terán un propósito formativo, para garantir tanto un bo funcionamento, como unha socialización axeitada e autónoma dos individuos que requiran a aplicación de medidas disciplinarias.

A disciplina debe favorecer os obxectivos educativos estimulando cambios cognitivos, emocionais e condutuais.

## 6.2. - Obxectivos

Para conseguir unha óptima convivencia no centro, nun clima de diálogo e boas relacións entre todos os compoñentes da Comunidade Educativa, propómonos os seguintes obxectivos:

1. Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e mellora da convivencia no centro.

2. Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para mellorala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do centro.

3. Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.

4. Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.

5. Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

6. Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.

7. Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.

8. Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia.
9. **9.** Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

### 6.3 .- Accións previstas para o profesorado

1. Coñecer aspectos básicos da convivencia entre iguais, a convivencia na interculturalidade e a convivencia na diferenza de xénero.
2. Dotar ao profesorado das ferramentas prácticas para a detección, o abordaxe e a resolución de conflitos.
3. Clarificar as vías de actuación que permitan ao profesorado resolver, derivar ou notificar posibles situacións de desprotección ou de risco que se detectan a raíz de conflitos que se dan na aula.

### 6.4.- Accións previstas para o alumnado

1. Sensibilizar ao alumnado sobre o seu papel activo e a implicación no recoñecemento e control dos conflitos de convivencia no centro.
2. Desenvolver habilidades que favorezan o aumento da autoestima e autoconcepto, necesario para saber enfrontarse sen medo aos posibles conflitos.
3. Favorecer a comunicación e a toma de decisións por consenso.
4. Difundir os medios dos que dispón o centro para a resolución de conflitos.

**6.5.- Accións previstas para as familias**

1. Sensibilizar aos pais, nais e titores da importancia de previr condutas violentas nos seus fillos/as.
2. Favorecer a reflexión das familias sobre a importancia do estilo de interacción familiar.

**6.6.- Accións previstas para o Centro**

1. Establecer canles e actuacións que faciliten a expresión das tensións e discrepancias, así como a resolución de conflitos de forma non violenta.
2. Mellorar o clima de convivencia no centro en beneficio dunha educación de calidade.
3. Potenciar a formación de todos os membros da comunidade educativa para que poidan resolver os conflitos de forma tolerante e non violenta.

**6.7. Protocolos**

6.7.1 Protocolo de intervención en conflito

O conflito: Aprendizaxe na resolución do conflito

Para afrontar a convivencia resulta imprescindible pensar no conflito como unha cousa inevitable e necesaria. Así podemos ter unha visión positiva do mesmo e podemos traballar con el e aproveitalo como unha oportunidade educativa. Polo tanto a primeira intervención ante o conflito é preventiva:

1. Traballar o conflito: Consideramos fundamental o tratamento do conflito na labor da titoría para o cal se dota ao titor de material e tempo para dedicalo a traballar o conflito a través do programa de Habilidades Sociais.

- Prevención do maltrato
- Normas de aula

- Cravos na cancela
- Resolver conflitos

2. Afrontamento do conflito (consultar recursos do plan)
   - → Facer persoas non so transmitir coñecementos: formación integral
   - → Clima da escola: consensuar valores: asertividade fronte á permisividade e autoritarismo (Folla informativa para o alumnado)
   - → Coidado das relacións interpersoais
   - → Coidado das relacións co resto da comunidade

Ante calquera conflito leve será o profesorado titor e o especialista o que resolva mediante o diálogo e a negociación cos implicados

1. Ante o incumprimento dunha norma axudaráselle a reflexionar sobre o seu comportamento para que sexa consciente das consecuencias do seu comportamento.
2. Segundo a gravidade da falta haberá unha amoestación verbal ou sanción, tendo en conta o NOFC e as normas de convivencia. Tratarase de restablecer a situación, pedindo perdón ou ben fixando entre os implicados o xeito de restablecer as relacións .
3. Informaráselle á familia dos conflitos, ben no momento no que xurdan ben nas titorías. Buscarase que a familia adopte criterios comúns de actuación cara a reforzar as medidas adoptadas
4. Cando o conflito é de relevancia a actuación a seguir está no NOFC.

6.7.2 Protocolo de intervención en conflitos disciplinarios

Cando hai un conflito disciplinario, termos en conta o seguinte:

1. O profesorado ten que intervir de xeito correctivo co alumnado que prantexa un conflito contrario as normas de convivencia establecidas no NOFC.
2. No caso de que a conduta persista tras a intervención, ou ben sexa merecedora de sanción, aplicarase a amoestación por escrito sempre, coa

conseguinte información aos pais/titores, e a firma do documento , aplicándose a sanción establecida no NOFC.

3. Cando se da unha conduta contraria as normas de convivencia que leve implícita una sanción por escrito, valorarase polo titor/a e o profesorado que imparten a sanción , a necesidade de intervención do departamento. A solicitude de intervención do departamento ten que estar xustificada e informada a familia do alumno/a. (ANEXO1)
4. Actuación do Departamento de orientación (ANEXO 2)

   Pasos a seguir unha vez recollida a demanda do titor/a:

   - Estudar a solicitude de demanda por parte do titor/a ou doutro profesor/a
   - Recollida de información do comportamento do alumno/os en diferentes contextos.
   - Manexo da conduta do neno/a por parte dos adultos
   - Sociograma (cohesión da aula, clima, capacidade de liderazgo…)
   - Observacións dentro e fora da aula: recreos, corredores, comedor …
   - Rexistro da conduta por parte dos profesores que lle dan clase
   - Entrevista coa familia
   - Toma de decisión: proposta de intervención
   - Solicitude de intervención dos servizos externos ao centro se fose necesario (equipos específicos, inspección, …)
   - Informar da proposta ao titor/a e a familia do alumno/a
   - Avaliar os resultados da intervención

6.7.3 Protocolo de intervención en caso de absentismo escolar

O **absentismo escolar**, considerado como non asistencia e/ou falta de puntualidade reiterada e non xustificada, constitúe unha das causas graves do *fracaso escolar*, coas funestas consecuencias que diso se derivan.

O acceso á educación básica, de forma sistemática e digna, é un dos dereitos - deberes fundamentais recollidos na Constitución Española de 1978 para os menores españois. Os artigos 27.4 e 27.5 do texto institucional din que a ensinanza

básica é obrigatoria e gratuíta, e que os poderes garantirán o dereito de todos á educación mediante unha programación xeral da ensinanza con participación efectiva dos sectores afectados, e creación de centros docentes.

A normativa vixente obriga aos diferentes organismos a loitar pola prevención e corrección do absentismo escolar, como unha lacra invalidante da nosa sociedade.

*. Lei Orgánica 1/96 de Protección Xurídica do Menor.*

*. Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local*

*. Lei 5/97, da Administración Local de Galicia*

*. Lei 3/97, Galega de Familia, Infancia e Adolescencia*

*. Decretos e conseguintes Ordes de desenvolvemento, que establecen e regulan os correspondentes "regulamentos orgánicos" e "normas de organización e funcionamento" dos respectivos centros de EI e EP.*

En consecuencia, as **fases de intervención** serían:

1. **Intraescolares**:

- Titoría, individual e familiar.
- Servizo de Orientación (ordinarios e/ou específicos)
- Dirección (requirimento oficial como medidas administrativas).
- Notificación á Inspección Educativa.

De non acadar solución ao absentismo do menor, darase paso protocolariamente á seguinte fase, sen esquecer que xa desde a titoría e o departamento de orientación do centro, é convinte poñer o caso en coñecemento dos Servizos Sociais do Concello, e continuar ás actuacións conxuntas e coordinadamente.

2. **Extraescolares: (outras institucións) (ANEXO 4)**

O centro educativo remitirá Informe segundo o modelo do *Protocolo de Absentismo* debidamente cumprimentado e informando a**:**

- **Administración Local. Servizos Sociais** de Atención Primaria do Concello de residencia do/a alumno/a.

  Tras a intervención realizada, os Servizos Sociais, se non obtiveran resultados correctores do absentismo co menor e a familia, remitirán o protocolo xunto co seu informe a:

- **Delegación da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.** De non acadar a solución do problema remitirá tódalas actuacións á Fiscalía de Menores.

- **Administración de Xustiza (Fiscalía de Menores**).

- Outros

### 6.7.4 Protocolo de intervención en caso de acoso

1. **OBRIGA DE DENUNCIAR O ACOSO**

É imprescindíbel diferenciar claramente outro tipo de manifestacións violentas (sen continuidade no tempo, sen inferioridade dalgunha das persoas participantes,...) dos casos de verdadeiro acoso escolar. As situacións de acoso veñen definidas pola coincidencia simultánea de:

- evidente intención de facer dano

- condutas agresivas reiteradas

- desequilibrio de forzas entre a persoa ou persoas acosadoras e a vítima.

Calquera membro da comunidade educativa ten a obriga de poñer en coñecemento do equipo directivo do centro a posible existencia de indicios razoables dunha situación desta índole. A partir desta detección hai que realizar unha recollida de información e contraste da mesma, que permita tomar a decisión máis axeitada a cada caso concreto.(ANEXO 5: Información sobre posible caso de acoso escolar). Calquera profesor/a ou familiar do alumno/a que supostamente está a padecer acoso pode empregar para descubrir ese acoso os indicadores que se presentan neste plan para valorar a importancia do que está observando.(Anexo 6, 7)

## 2. CONSTATASE A EXISTENCIA DE ACOSO

Unha vez constatado que realmente se está ante un caso de acoso escolar, os pasos que haberá que seguir serán os seguintes:

1. A dirección do centro redactará un informe no que se reflictan os datos significativos recollidos na investigación, que se remitirá á Inspección Educativa. (ANEXO 8: Modelo de informe de acoso)
2. O centro informará da situación á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e á Fiscalía de Menores. Estas institucións débense poñer en contacto cos Servizos Sociais do Concello, se existen e, de non existir, con Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
3. Convén estar en contacto cos distintos servizos e institucións para realizar actuacións coordinadas.
4. A dirección do centro manterá informado do proceso que se está a seguir ao Consello Escolar, que é o responsable de impoñer as oportunas correccións.
5. O expediente seguirá o curso establecido no *Real Decreto 732/1995*, do 5 de maio de 1995, *dereitos e deberes dos alumnos e normas de convivencia* (Capítulo III). En todo caso, ao intervir a Fiscalía de Menores, o expediente quedará en suspenso en espera da correspondente resolución xudicial.
6. O centro educativo arbitrará medidas de actuación, complementarias ás correctivas, que permitan paliar os efectos negativos da situación de acoso e eviten que se repita. Para a organización das mesmas é fundamental ter en conta a información recollida ao longo do proceso de investigación para poder adaptalas a cada caso en concreto en función das súas características. Estas actuacións levaranse a cabo coa vítima, coa persoa ou persoas agresoras e coas persoas observadoras en particular, e, dun xeito máis global, con toda a comunidade educativa.

   É moi importante a contextualización destas actuacións e que nelas estean involucradas todas as persoas ou institucións que poidan contribuír positivamente: equipo directivo, titorías, profesorado, departamento de orientación, familias, persoal non docente, equipos de orientación específicos, servizos sociais, Fiscalía de Menores, ONG, asociacións (veciñais, culturais, etc.)...

7. Estas actuacións deben ser coñecidas polo Consello Escolar, que valorará a súa eficacia.

## 7.- NORMAS DE CONVIVENCIA NO CENTRO

As actitudes a desenvolver na organización do Centro en materia de convivencia poderá basearse nas seguintes **Normas de Convivencia:**

### 7.1.-Xerais.

- Asistir a clase.
- Entrar en fila e en orden, sen entreterse nin empurrar para adiantarse.
- Manter un ton de voz axeitado.
- Chegar con puntualidade.
- Entrar directamenta a aula sen permanecer polos pasillos.
- Os alumnos que cheguen tarde incorporaranse nos cambios de clase.
- Cada mestre entra co seu grupo.
- Seguir as Orientacións do profesorado.
- Tratar con respecto e consideración a todos os membros da Comunidade Educativa.
- Non discriminar a ningún membro da comunidade escolar por razón de raza , sexo, N.E.E, ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- Respectar a dignidade, integridade, intimidade, ideas e crenzas de todos.
- Poñerse de acordo tendo en conta o punto de vista dos demais.
- Usar con aproveitamento as ensinanzas dadas no centro, así como respectar o dereito dos compañeiros a recibir axeitadamente as ensinanzas.

- Coidar e utilizar axeitadamente os bens e instalacións do centro.
- Respectar as pertenzas dos demais membros da comunidade educativa.
- Aprender habilidades sociais pacíficas na resolución de conflitos.
- Asistir ao centro con vestimenta axeitada.
- Prohibido o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismos de comunicación durante os períodos lectivos tanto por parte do alumnado como por parte do profesorado.
- Manter limpas e ordenadas as instalacións do centro.
- Prohibido comer nos corredores.
- Utilizar axeitadamente o aseo.
- Usar de forma correcta os materiais do centro.
- Recoller e ordenar o material empregado nos xogos de patio.
- Respectar os materiais e instalacións do centro.
- Evitar xogos violentos.
- Realizar as saídas en fila e de xeito ordenado.
- Antes de ir ao recreo coller todo o que se necesita porque unha vez saiamos non podemos volver subir a clase ata o remate do recreo.
- Non permanecer nas aulas, corredores ou baños durante o tempo de recreo si non están acompañados por un mestre.
- Acudir ás filas no momento de soar o timbre.

**7.2.- De aula.**

- Traballar en silencio
- Levantar a man para intervir ou preguntar algo.

- Falar por quendas  e non todos /as á vez e evitar interromper nas clases.
- Falar sen berrar.
- Tratar con educación e respecto a mestres, compañeiros e persoal non docente.
- Resolver os conflitos falando, dialogando e mediando.
- Favorecer a actitude de axuda e colaboración entre compañeiros/as cando se precise.
- Na aula,  permanecerase sentado, salvo cando as actividades e o profesorado considere que teñen que ser  de pé.
- Non  correr polas clases nin polos corredores.
- Utilizar as papeleiras sempre (tanto na aula como nos patios).
- Recoller e ordenar o material despois de usalo.
- Coidar e compartir o material escolar.
- Prohibido comer nas aulas.
- Manter limpa e ordenada a aula.
- Pedir as cousas por favor e dar as grazas.
- Pedir permiso para ir ao baño.
- Saír de forma ordenada e tranquila das aulas.

**7.3.- No comedor.**

-  Lavar as mans e a cara antes de entrar no comedor.

- Deixar os abrigos e mochilas nos sitios indicados.

- Entrar en orden.

- Ocupar cada alumno o lugar asinado sen permanecer de pé polo comedor.

- Esperar con paciencia a que se sirva a comida.

